

## FICHA 1: Niveis de organización do ser humano.

Nesta primeira ficha imos repasar o primeiro tema do curso. Para contestar as preguntas tedes tres maneiras. Uso dos apuntamentos de clase, libro de texto ou ben usar a ligazón:

[http://mestreacasa.gva.es/c/document\\_library/get\\_file?folderId=500015579982&name=DLFE-989010.pdf](http://mestreacasa.gva.es/c/document_library/get_file?folderId=500015579982&name=DLFE-989010.pdf)

E por suposto, podedes mandarme todas as dúbidas que vos xurdan. O tempo para entregar as respostas será de cinco días despois de que salga publicado na W. do Instituto.

1º Nivel atómico. Contesta: \* Definición de átomo \* Clasifícaos tendo en cuenta a abundancia nos seres vivos. \* Por que son tan importantes para a saúde o iodo e o ferro.

2º Nivel molecular. \* Fala da auga. Por que dicimos que é un dipolo. \* Indica as propiedades da auga. \* Que entendes por sales minerais. En que parte do noso corpo aparecen.

3º Os glúcidos. Que son. Que funcións teñen Como se clasifican.

4º Os lípidos. Que son. Que funcións teñen. Que diferenzas hai entre unha graxa. Saturada e unha insaturada.

5º E as proteínas.

6º Define tecido, órgano e sistema.

7º Pasamos á célula. Indica o seguinte: \* Definición \* Partes. E función de cada unha delas \* Teniendo en cuenta a presenza ou non da membrana nuclear clasifícanse en ...

\* Diferenzas entre elas

\* Busca a función do aparello de Golgi, lisosoma, vacuolo, retículo endoplasmático mitocondria, ribosoma, centriolo e flagelo.

\* Por que é tan importante o núcleo.

8- Escribe a continuación de cada afirmación se corresponde a célula eucariota ou procarionta: a. Son as células máis grandes e complexas \_\_\_\_\_

b. O seu material xenético está disperso no citoplasma\_\_\_\_\_

c. Os únicos orgánulos que teñen son os ribosomas\_\_\_\_\_

d. Posúen núcleo e nucléolo\_\_\_\_\_

e. Posúen mitocondrias\_\_\_\_\_

f. Célula bacteriana\_

9º Indica a que orgánulo fan referencia os números

